

CHÉVERE PRESENTA **EROSKI PARAÍSO**



Del paraíso al supermercado: así cayó el Estado del bienestar

La compañía gallega Chévere estrena en la feria de San Sebastián el espectáculo 'Eroski Paraíso', su primera producción tras recibir el Premio Nacional de Teatro en 2014



RAQUEL VIDALES

San Sebastián - 8 MAR 2016 - 18:37 CET




Imagen de la obra 'Eroski Paraíso', de la compañía Chévere. /MATTEO BERTOLINO

Suena la canción final de la película *Dirty dancing*. Un viejo matrimonio reconstruye para su hija la mágica noche en que se conocieron. Él vuelve a sentirse como Patrick Swayze brincando y cogiendo en volandas a su novia. Ella empieza tímida, vergonzosa, pero acaba entregándose al juego. Bailan con fervor, como si estuvieran otra vez en la discoteca Paraíso a finales de los ochenta, y no frente a los estantes del supermercado en que se ha convertido ahora aquella sala de fiestas y en el que, por cierto, trabaja la mujer. Es el momento cumbre de *Eroski Paraíso*, el primer espectáculo que presenta la compañía gallega Chévere tras recibir el 2014 el Premio Nacional de Teatro, y el público del teatro Principal de San Sebastián estalla en aplausos en mitad de la función.

Así arrancaba este lunes la 22 edición de [dFeria](#), la feria de artes escénicas de San Sebastián, referente para los programadores desde hace años por la calidad y variedad de su programación. Este año, durante cuatro días, se exhibirán hasta 31 espectáculos de compañías vascas, del resto de España y extranjeras, algunos de ellos estrenos muy esperados como el de Chévere. Los gallegos no defraudaron con su nuevo trabajo: comprometido con la realidad social y política del momento, como es habitual en la larga trayectoria de este colectivo (28 años llevan), y a la vez capaz de hacer vibrar al público con escenas en apariencia sencillas pero cargadas de energía.

Eroski Paraíso es un curioso experimento que entrelaza el lenguaje teatral con el cinematográfico. Los espectadores asisten a una obra escénica que simula ser el rodaje de un documental sobre la desaparición de la antigua sala de fiestas Paraíso, que funcionó en la localidad de Muros (A Coruña) entre 1972 y 1990, y su posterior transformación en un supermercado. Un hecho real sobre el cual Chévere construye una metáfora del desmoronamiento del Estado del bienestar. "El paraíso prometido era en realidad un gran hipermercado en el que debemos actuar como consumidores pasivos y felices para devolver con intereses el hecho de haber aceptado la promesa de un futuro mejor", explica la compañía.



No hay nostalgia en la mirada al pasado de Chévere. Es una reconstrucción documental, realizada a partir de testimonios recogidos por la compañía durante meses entre los habitantes del pueblo de Muros, aunque eso no significa que no tenga emoción. La memoria colectiva, como demuestra este espectáculo, viene cargada de emoción.

Táboa Redonda

Domingo 10 de abril de 2016

ELPROGRESO

4



[Fatiga ocular]

POR Camilo Franco

Sen memoria non queda paraíso

En Muros xa non hai paraíso. Agora hai un supermercado. Fomos cambiando as salas de festa por tendas e o mesmo temos que entender que cambiamos un modelo de ocio de tocarse por un de gastar. Ese é o punto de partida para a última obra de Chévere, 'Eroski Paraíso'. Que, como todo nestes días, sucede na Transición. Na que vai do pasado á memoria.

A

MEMORIA é unha forma de ficción. Como o ego. Como as verdades a medias.

Como o diñeiro. Prefire a coherencia á realidade, é máis leal que fiel. Se apurásemos moito o argumento habería que dicir que a memoria é a forma máis grande de ficción porque consegue levarnos aos lugares que xa non son e, unha e outra vez, facer pasar as historias por realidades. A memoria é eficaz porque é ficción. Porque todo o que se conta é ficción. E a memoria conta.

Chévere ráscale á memoria en 'Eroski Paraíso'. Encóntrase de fronte con ela mentres busca os sinais da pertenza. A nova montaxe de Chévere documenta un tempo que foi. Faino por contraste porque mentres rescata as imaxes do pasado está obrigando os espectadores a facer comparacións co presente. Non é que haxa que sacar conclusións, é que están af. Nin agora, nin entón. O presente é malo e non hai pasado bo. O pasado só é anterior. Pero pasado e memoria non son a mesma cousa por máis que haxa un monte de xente confundindo, pode que intencionadamente, os dous termos.

'Eroski Paraíso' reconstrúe un pasado. É un pasado próximo. De inmediatamente antes a que houbese chalés adosados en Galicia. Un pouco antes das ombrelas nas americanas. Un minuto antes de que o mundo deixase de ser analóxico. Agora pode parecer outra época, pero é esta mesma de agora pero sen Twitter. Chévere propón unha historia na que unha película quere reconstruir un momento. Así é como opera a memoria, rebuscando nos datos e organizando os sucedidos como unha imaxe en movemento. Así é como a memoria nos conta o pasado.

Chévere fai reconstrucción, pero non biografía. Toma o punto de partida e o punto de chegada. O do medio é sabido do espectador, áinda que non polo telexornal. O que hai no medio en-

tre a sala de festas
Paraíso e o supermercado que agora ocupa o seu lugar en Muros é esa derrota anunciada como vitoria: a do engano de clases, a do paraíso da clase media, a da Galicia asfaltada. A compañía explica o agora e o antes na mesma liña, como unha consecuencia interpretada. Como un flashback ao vivo e pode que este sexa o único xeito realista de facelo: ao pasado só se viaxa desde aquí. O resto é ciencia ficción e non é o que propón Chévere. O que propón a compañía é dobrar o tempo e facer que dous momentos coincidan no mesmo espazo. Nese territorio suceden moitas historias, as más delas familiares, as más delas sentimentais, hai algunas cómicas e algúns outras que ameazan con drama. Pero todo está contido por esa distancia que a memoria impón aos feitos. Esta distancia que en ocasións parece amabilidad e que tamén pode facerse pasar por obxectividade histórica. 'Eroski Paraíso' manéxase nesa distancia. A distancia axeitada.

Esa distancia entre a recuperación en serio das raíces e deixar que a memoria se apropie de certa comícidade. Na obra, Chévere inclínase más a facer comedia. Tampouco lixeira. Ten o seu de sentimental e case nada de parodia, a pesar de que vai abeirando esa linguaxe, tan usual na compañía. En certo sentido, 'Eroski Paraíso' utiliza as armas da parodia para chegar a outro punto. Como se no camiño de rebuscar no pasado sempre aparecesen as fotos vellas e non houbera xeito de ser duros con elas. A obra

ini-
ci-
a
unha
sorte de
prospección
sobre volver ao
lugar ao que se
pertenceu e encontra
que a memoria é mala de
guiar. Pode ser que o material
do que nace a obra, as vivencias dos
veciños de Muros, arrimen contra ese lado.
Pode ser ese verniz co que a memoria amolla
as historias ou pode ser que esas historias ou
se miran así ou se deixan descansar en paz.
Son asuntos moi serios como para facer un dra-
ma con eles. A obra busca no detalle o refrendo
dunha realidade que foi. Porque Chévere toma
como punto de partida un espazo e unhas ex-
periencias reconocibles: bailes de domingo e
bocadillos de calamares. Parellas que se em-
preñan, pais que emigran para traballar con
fillos que emigran para estudar. Ben mirado,
a vida mesma de Galicia. Ou quizais non. Ha-
berá unha clase que non se sinta recoñecida na
historia máis aló do folclore ou do humor. Está
todo nesa historia que alguém está reconstruí-
do para o cine e ainda así Chévere non quere ir
ao documento. Porque, igual que a memoria
non é o pasado, o teatro non é a realidade.

Coa memoria pásanos como aos Estados Unidos co xeneral Noriega. Pode ser ruín, revirada ou traidora. Pode ser a peor do mundo, pero é a nosa. 'Eroski Paraíso' toma prestadas unhas historias e móveas con lixeira e con humor pero sen parodia. Podería ser que sen parodia e sen nostalxia. Pero esa materia líquida que é a memoria resístese moito a ser considerada sen esa última pántina. A obra define unha liña
máis de fondo, quizais como unha consecuen-
cia, de como se moven as máquinas do pasado
para converterse en narración: a memoria co-
lectiva é máis aceda que a individual.





MATTEO BERTOLINO

«EROSKI PARAÍSO»

CHÉVERE

O paraíso prometido era en realidad un hipermercado

NA SÚA PRIMEIRA MONTAXE
TRAS RECIBIR O PREMIO
NACIONAL DE TEATRO CHÉVERE
AFONDA NO DESARRAIGO
VITAL, EMOCIONAL E CULTURAL
DUNHA XERACIÓN A PARTIR
DUNHA HISTORIA LOCAL

CARLOS CRESPO | Entre 1972 e 1990 funcionou en Muros a sala de festas Paraíso. No seu solar hai hoxe un hipermercado do Eroski. Nel traballa Eva. Quen, por certo, coñecera a Antonio, o seu marido, na Paraíso.

Sobre este feito artella Chévere a trama da súa nova montaxe. A primeira, lembran, tras recibir o Premio Nacional de Teatro. «Non é que fora algo que nos condicionara pero si que foi un elemento que estivo enriba da mesa cando nos puxemos a pensar que espectáculo íamos facer», explica Xesús Ron, director da obra. Pero ao contrario do que, se cadra, se podería pensar, a compañía optou por unha proposta que conta unha historia más local ca ningunha outra de Chévere, que ten moito que ver coa idiosincrasia propia e que será posta en escena, tanto aquí como fóra, na súa versión orixinal, en galego, e con subtítulos. «Xa que hai un foco posto en nós, pensamos que debíamos contestar construtivamente a iso».

En *Eroski Paraíso* Chévere utiliza a intersección entre a lingua teatral e a cinematográfica para construir un orixinal modo de narrar. A historia de Eva e Antonio, o seu periplo vital e emocional, é relatada en

tempo real pola súa filha, Álex, que 25 anos despois retorna a Muros para gravar un documental sobre os seus pais, sobre a distancia que as súas vidas abriron entre aquel paraíso e este supermercado. Para Xesús Ron, «en realidade trátase dun retrato do desarraigado vital, emocional e incluso cultural de toda unha xeración».

A xeración que viviu a súa mocidade nunha cultura ainda profundamente arraigada na tradición e que foi vendo como a partir dos anos 80 esa sociedade se foi transformando nunha sociedade de consumo. «O paraíso prometido era en realidad un gran hipermercado» é a gran metáfora que o resume.

Incide o director de *Eroski Paraíso* en sublinhar que áinda que existe un punto de partida certo non se pode dicir aquilo tan cinematográfico de baseado en feitos reais. «Todo o que se conta é absolutamente ficción pero a documentación para facer a obra está baseada non nunha soa, senón nunha chea de historias que a xente de por alí nos foi relatando». Trátase, en certa maneira, de «colectivizar a memoria», que non é o mesmo que a memoria colectiva.

Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo —parella que protagoniza un delirante e tenre número musical entre as estanterías do híper ao son do *Time of my life* que pechaba *Dirty Dancing*— son os protagonistas desta obra que conta tamén coa presenza de Cristina Iglesias, unha actriz debutante escollida nun obradoiro para menores de 25 anos convocado por Chévere ao que se presentaron 45 candidatas.

TEO • Sala Nasa • Venres 1, sábado 2 e domingo 3 • 21.30 horas (venres e sábado); 20 horas (domingo) • 10 euros



Un momento da obra

© Matteo Bertolino

PRAZA DA CULTURA

Venres 25, Marzo 2016 | Cultura

Xesús Ron: "Nunha democracia, cunha sociedade de consumo, a liberdade é mínima malia toda a exhortación a ela"



Montse Dopico | @montsedopico

Eva Martínez e Antonio Formoso coñécense nunha sala de festas, Paraíso, en Muros, a finais dos 80. Esa mesma noite conciben unha filla. Despois casan como, naquel tempo e lugar, difícilmente podía ser doutra maneira. E así métense nunha dinámica que os vai arrastrando a unha vida que non escollerón. Emigración incluída. Disto arranca *Eroski Paraíso*, a nova obra da compañía Chévere, resultado dun proceso de investigación realizado en Muros a partir da transformación da discoteca Paraíso, aberta entre 1972 e 1990, nun supermercado. Falamos con Xesús Ron, director da obra, escrita por Manuel Cortés e interpretada por Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias e Fidel Vázquez.



© Matteo Bertolino

Os personaxes foron construídos a partir dun proceso de documentación, con entrevistas, de varios meses. Como foi?

Desde o verán estivemos indo por alí, concertando entrevistas con xente que nos foi dicindo doutra xente. Falamos cun construtor de Muros que deseñou a nave orixinal na que estaría a sala de festas Paraíso. Tamén cun camareiro da primeira época. A segunda vez falamos con traballadoras do Eroski. Buscamos mulleres que tivesen lembranza da sala de festas. Despois falamos con Ageitos, o rotulista, e con Manolo Caamaño, un dos propietarios, e co seu cuñado, Tucho Carou. Foi a familia Carou a que montou a sala.

No faiado do Eroski había moitas cousas que foron da sala: vaixelas, arquivadores con datos, sofás... Para construír a personaxe de Patricia de Lorenzo falamos con mulleres que viviron o tempo da sala de festas tamén. Tampouco o restrinximos só a Muros. Miguel de Lira fixo investigación tamén en Mazaricos, porque o seu personaxe vén de Arcos. Para o personaxe de Cristina Iglesias, a filla, falamos con xente do cine. É unha estudante que pode representar o que aquí se chama Novo Cinema e que ten o seu xermolo nun mestrado de documental creativo da Pompeu Fabra. Por iso, na liña discursiva dela, están ideas como que hai que implicarse persoalmente no que vas contar, e por iso ela escolle contar a historia de seus pais.

O proceso é, entón, semellante ao de *Citizen*.

Si, o que pasa é que aquí non había unha historia inicial. A historia foise construindo. Ao principio, só tiñamos a idea da sala de festas que se converte nun supermercado.

A filla fala de desarraigo vital. Vivira en Muros, varios lugares de Canarias, despois Barcelona... Pero non se refire só ao nomadismo constante...

Iso foi algo que xurdiu tamén nos ensaios. Cada vez íamos tendo más claro que a historia tiña que contala a filla, non os pais. E ela faino a través dunha película sobre os seus pais. O desarraigo non é só pola emigración, por ter que moverse dun lado a outro desde pequena. Tamén ten unha dimensión lingüística. Ela recibe o idioma a través do pai e volve a Muros para facer a película sobre os pais e recuperar a lingua. A nai fala castelán, que é algo moi propio das vilas, como Muros e moitas outras. E perder a lingua supón perder parte da identidade.

"A historia foise construindo. Ao principio, só tiñamos a idea da sala de festas que se converte nun supermercado"

Mais o desarraigo tamén é emocional e afectivo. Os pais están separados. Coñecéranse na sala de festas e tiveran unha filla porque se enrollaran ese mesmo día e ela quedara embarazada. Todo fora así, como por casualidade. E tiveran que casar porque era como tiña que ser nun pobo. Non houbera relación afectiva entre eles, nin noivado, nin se separaran tampouco, por iso, por un problema concreto. Por iso podían xuntarse tamén outra vez para facer a película da filla. O tema do desarraigo xorde tamén cando o personaxe de Miguel pensa en acabar a casa a medio facer.

En relación con iso, está a idea de que a vida decide por eles, polos pais. A filla comenta que nun supermercado non escolles o que mercas. É un xeito de decir o mesmo. As escolllas que non son, realmente, libres.

Si, iso está conectado coa historia vital que se conta. Había unha idea moi inicial, que era a pregunta de que significa que unha sala de festas acaba sendo un supermercado. A filla explica que non escollemos o que nos gusta, senón o que nos mandan, cando compramos. O que lles está a decir realmente aos pais é que non tomaron eles as súas decisións. Que se deixaron levar. Porque é o que pasa. Nunha democracia, cunha sociedade de consumo, malia toda a exhortación á liberdade individual, en realidade é mínima, case inexistente.

De todas maneiras, é un teatro menos político que *Citizen* ou *Eurozone*. Se cadra se buscou más a proximidade e tratar a política desde o cotián. Pero tampouco hai un discurso moi elaborado, nese sentido.

É un teatro político no sentido etimolóxico. O teatro é un lugar de encontro, que leva ao público un debate que dese xeito non queda no privado. Pero si quixemos desligarnos de partidos, Parlamentos... de cousas más concretas. Quixemos retirarnos e mirar as persoas, a xente anónima. Queriamos que a xente se recoñeceza nos personaxes, e que as reflexións más políticas estivesen presentes, pero non en primeiro plano.

É máis ben como un pouso, con certa ambigüidade: sen ser o centro da obra. Tamén queriamos facer unha historia dunha aldea, dunha pequena vila. Os escenarios están cheos de nomes importantes, de xente nova, de ámbitos urbanos. Nós tamén fixemos iso, pero agora queremos outra cousa. O cal non significa que deixe de ter unha intencionalidade política. A preestrea foi en Donosti, e estivo ben ver como funcionaba alí a historia dunha vila para eles descoñecida e situada a 800 quilómetros.

Hai un momento cómico, con certo pouso televisivo, que marca o punto álxido. Funciona moi ben. Patricia e Miguel están moi ben en todo o espectáculo.

Nos ensaios non houbo risas con iso, non penses. Non tiñamos pensado iso. Comezamos a traballar desde un punto de vista más serio, con tempos más lentos. Pero sabíamos que o clímax da obra ía ser o momento de revivir o encontro dos pais na sala de festas. Mais non tiñamos ningún referente televisivo en canto a comedia. Sobre todo porque nós tratamos o tema con respecto e cariño, que non é moitas veces como se trata na tele o mundo rural.

Pero si, claro, xurdiu ese momento cómico, como hai outras cousas divertidas como o xeito de colocarse a xente na discoteca por parroquias. Iso non o inventamos. Contáronnolo varios dos entrevistados. Igual que o do cementerio, que era onde ían as parellas. Confiabamos en que Miguel e Patricia ían funcionar ao nivel da comicidade, pero non nos interesaba que fose iso todo o tempo. A personaxe de Cristina é como a bisagra entre os pais, a que lles dá cancha aos outros dous personaxes para que triunfen. É unha personaxe más comprometida, nese sentido.

Filla e nai representan distintas xeracións, e como puido cambiar o pobo entre a discoteca e o supermercado. Ás veces a nai dille que pensa demais, pero no fondo enténdense. A nai advírtela de que vivir en Muros non é romántico.

Non queriamos facer unha obra nostálgica. A filla quere reconstruír, revivir, un momento que non viviu, que é cando se coñecen os pais. A filla volve a Muros, onde naceu, valorando o lugar, as súas raíces, pero a nai dálle o contrapunto. A nai si pasara pola vida na vila, que non era igual para unha persoa de 50 anos que para unha de 20 e pico. A filla recupera o diario da súa adolescencia e ten a ilusión de crear, de escribir. A nai ten unha visión más realista. O pai está más a favor da filla, entrégase máis ao proxecto dela, levan tempo separados...

"Quixemos retirarnos e mirar as persoas, a xente anónima"

"Non tiñamos ningún referente televisivo en canto a comedia"

E están tamén o compañoiro da filla e o avó.

O avó ten pouca participación escénica pero é moi importante, porque é a conexión da [filla](#). Os pais estiveron polo mundo. A nai coida do avó, polo que sae tamén o tema dos coidados e as mulleres, pero a filla é ao avó a quen se agarra máis nese intento de volver enraizarse. O avó fora fotógrafo e ela quere ser cineasta. O avó fixera a foto dos pais na discoteca. O compañoiro da filla, Fidel Vázquez, está como personaxe e ademais é o técnico que move todo desde a mesa. Os subtítulos, por exemplo.

Por que os subtítulos? Ao principio, sen eles non se entende o que din os actores.

É un xeito de marcar que hai unha cuarta parede, que se quere que o público actúe como espectador. Por iso non hai interacción con el. E por iso ao principio os actores falan entre eles, sen proxectar a voz para o público, que cando chega ve que xa está pasando algo. O de poñer os subtítulos é tamén unha maneira de suxerir que é o documental que está a facer a [filla](#). Que é unha mirada cinematográfica o que queremos. No cinema, facer unha película coma esta, de tanta proximidade, en versión orixinal, ten prestixio. No teatro non se acepta a versión orixinal.

Pois nós non queriamos renunciar a esa autenticidade, e sabiamos que non íamos traducir a obra para levala fóra. Os subtítulos permiten seguir a obra fóra, e ademais facilitan as cousas ás persoas con problemas auditivos. Porque ademais é unha obra pensada para toda a cidadanía: xente maior e xente nova. Á xente maior está a gustarlle...

"Non queriamos facer unha obra nostálxica. A filla quere reconstruír, revivir, un momento que non viviu"



La última obra de Chévere, 'Eroski Paraíso', estará el lunes en la dFERIA de Donosti antes de su estreno el 18 en Muros

La última obra del grupo teatral Chévere, 'Eroski Paraíso', se estrenará el próximo 18 de marzo en Muros (A Coruña), pero antes ofrecerá un preestreno este lunes, 7 de marzo, en la feria de artes escénica dFERIA de San Sebastián.

ECO




Poca actividad social

[¿QUÉ ES ESTO?](#)

0



0



EUROPA PRESS. 05.03.2016

La última obra del grupo teatral Chévere, 'Eroski Paraíso', se estrenará el próximo 18 de marzo en Muros (A Coruña), pero antes ofrecerá un preestreno este lunes, 7 de marzo, en la feria de artes escénica dFERIA de San Sebastián.

El nuevo proyecto de Chévere, compañía ganadora del Premio Nacional de Teatro 2014, parte de un proceso de investigación y documentación sobre la sala de fiestas 'Paraíso' de Muros, que funcionó entre 1972 y 1990, y que posteriormente se convirtió en un supermercado Eroski, "un hecho que se repite muchas otras pueblos y ciudades de Galicia".

El estreno oficial de la obra será el 18 de marzo en la antigua Fábrica de Sel de Muros (A Coruña), mientras que en los próximos meses girará por Galicia y España.

Previamente, este lunes tendrá un pase (18,45 horas) en el Teatro Principal de Donosti, en el marco de la programación de dFERIA, que constituye uno de los referentes a nivel escénico en el Estado desde su creación en 1988, y que este año acogerá los trabajos de un total de 30 compañías.

A escena

Arranca con éxito el estreno de Chévere en Muros

Fábrica de Sel (Muros) • Hoy • 21.30 horas • Mañana • 19.00 horas • Con un lleno arrancó el jueves el estreno de *Eroski. Paraíso*, el nuevo montaje de la compañía Chévere. Los alumnos del instituto Fontexería fueron los afortunados que tuvieron ocasión de ver en primicia una función en la que Miguel de Lira comparte protagonismo con Patricia de Lorenzo y

Cristina Iglesias. La representación se enmarcó en las actividades de la Semana Cultural del centro. Estaba previsto que ayer por la noche hubiera un pase abierto al público y quedan todavía dos pendientes. Para ambos, las entradas de venta anticipada están agotadas, pero se han reservado 30 por día. La taquilla abrirá una hora antes de cada función.



Miguel de Lira es el protagonista de la obra. SANDE

Sábado 2, Xaneiro 2016 | Cultura | 1

Eroski Paraíso: un diálogo xeracional de Chévere entre discotecas e supermercados



Alberto Ramos | @alberto_ramos

Chévere estreará *Eroski Paraíso*, a súa nova montaxe, o próximo mes de marzo. Trátase dun diálogo xeracional que furará na transformación da sociedade nas últimas décadas. Como pano de fondo, estarán as salas de festas que xa non están e foron substituídas por centros de consumo. Iso pasou en Muros, iso pasou coa Sala Paraíso.

Un diálogo xeracional, a transformación da sociedade e una antiga sala de festas reconvertida nun supermercado. Estas son as claves do que será o novo espectáculo do grupo Chévere, *Eroski Paraíso*, montaxe cuxa estrea está prevista para o mes de marzo. O punto de partida da obra reside nunha parella que, a finais dos anos oitenta, se coñece na Sala de Festas Paraíso de Muros, local que acaba por pechar e ser substituída por un supermercado. Despois, os dous traballan entre os estantes e as caixas rexistradoras que sepultaron a pista de baile e a barra daquel lugar onde comenzaron a ser mozos. E co transcorrer dos anos, os dous pasan a ser tres ao teren un fillo (ou filla) cuxa mirada percorre a historia que separa o Paraíso do supermercado. Tamén o que pudo ser e non foi. Para ela, Para el. Por suposto, para os dous. E todo filtrado coa mirada do rapaz ou rapaza que trouxeron ao mundo. Así prende a mecha, logo vén todo o demais. **"Pero o que non vén é a historia da discoteca. Esta non é unha obra sobre a sala Paraíso de Muros. Propoñemos un diálogo xeracional entre a perspectiva de xente de 50, a idade que temos nós, e xente de 25 anos. Ese contraste de visións serve para percorrer a transformación que viviu a sociedade nas últimas décadas na que se produciron cousas como que as salas de festas se transformaron en centros de consumo"**, resume Xesús Ron, o director da montaxe.



Unha imaxe do obradoiro organizado por Chévere

"Ese contraste de visións serve para percorrer a transformación que viviu a sociedade nas últimas décadas na que se producieron cousas como que as salas de festas se transformaron en centros de consumo"

Patricia de Lorenzo será ela. Miguel de Lira, el. E o fillo ou filla? Aínda está por decidir. "Non temos moito contacto con intérpretes de menos de 25 anos", reconoce Ron. Ese foi o motivo polo que decidiron realizar un novedoso proceso de escolha: un obradoiro dirixido para actores e actrices menores de 25 anos. Dous días de convivencia e intercambio -artístico e xeracional- que a compañía desenvolveu a semana pasada cun total de 14 persoas, nove mulleres e cinco homes. **"Foi unha experiencia que podiamos definir como un obradoiro de prácticas de creación escénica"**, aclara Ron, quen lembra que Chévere xamais quixo facer **"un casting competitivo"**. "Nós non traballamos con esa fórmula, o noso proceso creativo fai inviable un casting. Nós non temos biblia, nin un proxecto pechado cando comezamos os ensaios. As pautas son un pouco vagas e, dende logo, non queremos que un actor se amolde ao personaxe, senón que o personaxe se adapte á persoa", apunta o director.

En total, a compañía recibiu 45 solicitudes. Escollerón 14 a través do currículo e a gravación que cada un dos aspirantes presentou ao proceso. Gran parte dos presentados pasara pola Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), por escolas municipais como a de Narón ou por centro privados como os composteláns Espazo Aberto ou Pábulo. Tamén xente do teatro afeccionados (de formacións como Airiños de Rianxo) e das aulas de teatro universitario, principalmente de Santiago e de Ourense. Ese é, talvez, o retrato robot e uxente que podemos trazar.

O obradoiro constituíuse en varias partes, comenzando por un achegamento ao mundo Chévere a través de vídeos da historia do grupo (principalmente de obras como *Testosterona* e *Citizen*), seguido por exercicios de fonética e unha presentación individual na que cada un dos actores e actrices lembra a primeira vez que pisaron unha discoteca. **Ese foi o inicio, a partir de aí chegou o traballo en grupo e as improvisacións. No fondo, o obradoiro significou -en palabras de Ron- "reproducir o traballo de Chévere".**

"Foi unha experiencia que podiamos definir como un obradoiro de prácticas de creación escénica", aclara Ron, quen lembra que Chévere xamais quixo facer **"un casting competitivo"**